



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN

Anuncio

NOTIFICACION COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
BARALLA	3º trimestre-2017	Taxa pola recollida lixo, auga, depuración e Canon Auga Xunta de Galicia
A POBRA DE BRILLÓN	1º semestre-2017	Taxa pola recollida lixo, auga, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia
A PONTENOVA	1º trimestre-2017	Taxa pola recollida lixo, auga, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados no Servizo de Xestión Tributaria e Recadación (rúa Tui, nº 5-baixo 27004- Lugo) durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 10 de xaneiro de 2018.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 1357/2016, de data 01-07-2016, A DEPUTADA DELEGADA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA, Mayra García Bermúdez

R. 0114

Anuncio

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 22/01/2018 e finalizará o día 22/03/2018, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
BARALLA	3º trimestre-2017	Taxa pola recollida lixo, auga, depuración e Canon Auga Xunta de Galicia
A POBRA DE BRILLÓN	1º semestre-2017	Taxa pola recollida lixo, auga, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia
A PONTENOVA	1º trimestre-2017	Taxa pola recollida lixo, auga, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, "La Caixa" - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a

14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento.

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera oficina de ABANCA, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nesta entidade.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constringimento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constringimento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Lugo, 10 de xaneiro de 2018.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 1357/2016, de data 01-7-2016, A DEPUTADA DELEGADA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA, Mayra García Bermúdez

R. 0115

CONCELLOS A FONSAGRADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 08.01.2018, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de decembro de 2017 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 9.259,02 € e Programa Básico de Axuda no Fogar por un importe de 949,20 € .

Exposición: O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar dende o seguinte á publicación do anuncio no BOP.

Recursos: Durante o período de exposición pública os interesados poderán examinalo e formular, contra o acto que se notifique perante a Xunta de Goberno Local, o recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no PRAZO DUN MES contado dende o día seguinte ao de finalización do devandito período de exposición pública do Padrón Fiscal. Contra a resolución recaída no recurso administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ao da presentación do desestimado, con efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común. Nembargantes, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Carga de recibos domiciliados: Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan endebedados nas contas dos seus clientes.

O que se anuncia e se fai público para xeral coñecemento do presente ANUNCIO que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no artigo 24 do Regulamento Xeral de Recadación e 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 08 de xaneiro de 2018.- O alcalde, substituto José Ángel Fernández Carrín

R. 0135

LUGO

Anuncio

DECRETO NÚMERO 17010970 DO 15/12/2017

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, na sesión extraordinaria e urxente realizada o día 23 de decembro de 2015, adoptou o acordo número 2/882, polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2015. Esta oferta foi modificada por acordo 5/173 adoptado pola Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo na sesión ordinaria celebrada o día 5 de abril de 2017, o cal foi rectificado polo acordo 10/220 adoptado polo dito órgano de goberno na sesión ordinaria celebrada o 26 de abril de 2017, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 122, do 30 de maio de 2017, e no seu ANEXO figuran, entre outras, as seguintes prazas de persoal laboral:

“- Nivel de titulación: graduado escolar. Número de vacantes: 4 (quenda de consolidación de emprego temporal) (cobertas interinamente). Denominación: Oficial Maquinista Fontaneiro/a.”

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o vinte e dous de novembro de dous mil dezasete, adoptou, entre outros o seguinte acordo **28/725 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A CATRO PRAZAS DE OFICIAL MAQUINISTA FONTANEIRO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA CONSOLIDACIÓN EMPREGO TEMPORAL.**

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso-oposición, para o acceso en propiedade a catro prazas de Oficial Maquinista Fontaneiro/a, pertencentes ó cadro de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal, que se rexerá tanto polas bases específicas aprobadas por acordo 28/725 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 22.11.2017 como polas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS VACANTES PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL”, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013 e 15.10.2014, e publicadas integramente no BOP de Lugo número 256, do 7.11.2014, que seguidamente se transcriben:

“BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A CATRO PRAZAS DE OFICIAL MAQUINISTA FONTANEIRO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA CONSOLIDACIÓN EMPREGO TEMPORAL.

1º.- OBXECTO.- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como persoal laboral fixo, a catro prazas de Oficial Maquinista Fontaneiro/a (en quenda consolidación de emprego temporal) do cadro de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarias/os e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día dezoito de xuño de dous mil oito.

As ditas bases foron modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013 e 15.10.2014, e publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 256, do 7 de novembro de 2014.

O órgano competente da Corporación poderá adscribir a persoa aspirante nomeada, a través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

a) Denominación da praza: Oficial Maquinista Fontaneiro/a.

b) Grupo de titulación: GRUPO C (subgrupo C2)

c) Outras características:

- Nivel de titulación: graduado escolar, graduado en ESO ou equivalente

- Réxime xurídico: persoal laboral.

3º.- SISTEMA SELECTIVO. De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego o sistema selectivo será o de concurso-oposición.

4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA: graduado escolar, graduado en ESO ou equivalente.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As interesadas e interesados en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excm. Sra. Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse

na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na disposición súa final sétima).

As solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) Fotocopia compulsada da titulación esixida.

c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. As interesadas e interesados deberán unirlle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 13,00 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e prezos públicos" que se atopa a disposición das e dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web.

d) Do mesmo xeito, deberá xuntarse á instancia a fotocopia compulsada dos méritos que a persoa aspirante desexe que se teñan en conta na fase de concurso.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6º.- PROCESO SELECTIVO

1.- Fase de concurso.

Para a fase de concurso estarase ao disposto na base sexta das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarias/os e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

2.- Fase de oposición.

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza a que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO:

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar por escrito un cuestionario composto por 20 preguntas relativas tanto ao contido do programa de materias comúns como da parte de materias específicas. Este cuestionario estará composto por preguntas con tres respostas alternativas, sendo unha delas a correcta. O tempo máximo para a realización deste exercicio é de 30 minutos. Cada pregunta contestada correctamente terá unha puntuación de 0,5 puntos. A mal contestada restará 0,166, e puntuará con 0 puntos a deixada en branco. Para superar este primeiro exercicio e pasar ao segundo, deberá acadarse ao menos unha puntuación de 5 puntos.

O exercicio que propoña o tribunal terá catro preguntas máis de reserva, claramente identificadas como tales, que substituirán as preguntas que no seu caso puideran ser obxecto de anulación. As devanditas preguntas de reserva só serán valoradas no caso de que substitúan a algunha outra que fora obxecto de anulación. Estas 4 preguntas de reserva terán que ser contestadas dentro do tempo de 30 minutos.

O temario de materias comúns intégrano 4 temas, e figuran na base décimo quinta das bases xerais xa mencionadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ao cadro de funcionarias/os e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

SEGUNDO EXERCICIO, práctico: consistirá en realizar, durante un período máximo de 2 horas, un suposto práctico que formulará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio e que estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza destas prazas.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Na realización deste exercicio e na súa valoración haberá que atermos ao disposto na base décimo terceira letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarias/os e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1. Procesos no abastecemento de auga en Lugo. Cometidos do Servizo de Augas. Organización do Servizo de Augas. Dependencia xerárquica. Relación con outros servizos e dependencias municipais

Tema 2.- Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o "texto refundido de la Lei de augas". Parámetros máis importantes de calidade da auga. Contaminantes orgánicos. Contaminantes metálicos. Bacterias e microorganismos patóxenos. As algas.

Tema 3.- Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.

Tema 4.- O desbaste. Tipos de reixas de desbaste. A coagulación e floculación da auga: conceptos. Factores que inflúen na coagulación e floculación. Reactivos para a coagulación e floculación. Dispositivos de preparación, adición mestura e dosificación de coagulantes e floculantes coa auga.

Tema 5.- Decantación: concepto. O decantador Accelator: descrición do seu funcionamento. As purgas. Funcionamento das válvulas de purga. Control de lodos nas zonas do Accelator. Sistemas de extracción de lodos e a súa automatización.

Tema 6.- A filtración: conceptos fundamentais. Esquema xeral de filtros abertos e pechados. Filtración por area: peculiaridades. A regulación do caudal circulante polos filtros. Lavado de filtros. Control e automatismo da filtración e do lavado dos filtros.

Tema 7.- A desinfección de augas de consumo público: a súa necesidade. A cloración. Obxectivos da cloración. Factores máis importantes que inflúen na desinfección e oxidación por cloro. As perdas de cloro residual na rede de distribución: as súas causas e factores para ter en conta. A medida do cloro residual.

Tema 8.- Cloración por hipoclorito sódico: características e peculiaridades do emprego de hipoclorito sódico. Instalacións de almacenamento e dosificación de hipoclorito sódico. Control e automatismo do almacenamento e a dosificación.

Tema 9.- Propiedades do carbón activo. Instalacións de almacenamento e dosificación de carbón en po. O seu control e automatismo.

Tema 10.- Lexislación básica en prevención de riscos laborais. Obrigas na prevención de riscos. Responsabilidade legal. Funcións de nivel básico recollidas no anexo IV do R. d. 39/1997 dos servizos de prevención.

Tema 11.- Identificación dos riscos asociados á actividade. Concepto de risco e perigo. Accidentes de traballo e enfermidades profesionais. Localización dos riscos. Riscos por factores organizativos. Riscos por factores materiais. Riscos por usos de elementos. Riscos eléctricos. Riscos por incendios e explosións. Riscos por usos de substancias. Riscos por exposición a radiacións. Riscos por sobreesforzos.

Tema 12.- Aplicación de medidas preventivas e de protección. Protección colectiva. Equipos de protección individual (EPIs). Sinalización. Plans de emerxencia e evacuación. Primeiros auxilios. Principios de ergonómia.

Tema 13.- Tipos de tubaxes e unións. As válvulas: tipos e o seu emprego. Ventosas. As comportas. Accionamento e automatización de válvulas e comportas.

Tema 14.- Bombas: tipos de bombas para elevación de augas. Dispositivos de cebado. A cavitación. O golpe de ariete. Disposición e esquema xeral de bombas, válvulas, e instalacións auxiliares necesarias nunha estación elevadora. Control e automatismo nas estacións elevadoras. Os depósitos: esquema xeral dun depósito cos seus elementos auxiliares principais.

Tema 15.- Transformadores eléctricos de considerable potencia. Dispositivos de corte e protección. Factor de potencia dunha instalación eléctrica. Formas de corrección do factor de potencia.

Tema 16.- Motores asíncronos trifásicos. Tipos de servizo. Rodamentos. Índice de protección IP. Mando e control de potencia. Tipos de arranque e conexións.

Tema 17.- Aparellos eléctricos: utilidade e tipos de parafusos e interruptores automáticos de protección, contactores, relés térmicos de protección, disxuntores, interruptores diferenciais, seccionadores, interruptores magnetotérmicos e electroválvulas.

Tema 18.- Aparatos reumáticos: cilindros. Distribuidores. Valvulería. Compresores de aire. Secadores. Esquema xeral dun sistema de produción de aire comprimido para accionamento de válvulas e instrumentación.

Tema 19.- Soldadura e corte oxiacetilénicos: conceptos básicos. Compoñentes. O seu manexo e medidas de seguridade. A soldadura por arco eléctrico: conceptos fundamentais. Compoñentes. Tipos de soldadura. Medidas de seguridade.

8º. LISTA DE RESERVAS.- Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como laboral, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, ao menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso

selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

9º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Igualmente, poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses, e no caso de que non se resolva expresamente o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

SEGUNDO:- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facendose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado desta orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición podrá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 0136

Anuncio

DECRETO NÚMERO 17010968 DO 15/12/2017

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión extraordinaria e urxente realizada o día 23 de decembro de 2015, adoptou o acordo número 2/882, polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2015, e no seu ANEXO figuran, entre outras, as seguintes prazas de persoal funcionario:

“Grupo C2. Escala de Administración especial. Número de vacantes: 6 (quenda libre) (cubertas interinamente). Denominación: Bombeiro/a Conductor/a.”

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 020, do 26 de xaneiro de 2016, e no DOG número 36, do 23 de febreiro de 2016.

A oferta de emprego público para o ano 2015 foi modificada polo acordo 5/173, adoptado pola Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo na sesión ordinaria celebrada o día 5 de abril de 2017, o cal foi rectificado polo acordo 10/220, adoptado polo dito órgano de goberno na sesión ordinaria celebrada o 26 de abril de 2017, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 122, do 30 de maio de 2017. No seu ANEXO figuran, entre outras, as seguintes prazas de persoal funcionario:

“Grupo C2. Escala de Administración especial. Número de vacantes: 6 (quenda libre) (cubertas interinamente). Denominación: Bombeiro/a Conductor/a.”

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión extraordinaria celebrada o día 23 de decembro de 2016, adoptou o acordo número 1/848, polo que se aprobou a oferta de emprego público para o ano 2016. No seu anexo figuran, entre outras, as seguintes prazas de persoal funcionario:

- Grupo C2: escala de Administración especial. Número de vacantes: 6 (quenda libre). Denominación: Bombeiro/a Conductor/a.

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 299, do 30 de decembro de 2016, e DOG número 40, do 27 de febreiro de 2017.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día 5 de abril de 2017, adoptou o acordo número 6/174, de modificación da oferta de emprego público para o ano 2016. No seu anexo figuran, entre outras, as seguintes prazas de persoal funcionario:

- Grupo C2: *escala de Administración especial. Número de vacantes: 6 (quenda libre). Denominación: bombeiro/a condutor/a.*

O dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 099, do 2 de maio de 2017, e DOG número 127, do 5 de xullo de 2017.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día vinte e dous de novembro de dous mil dezasete, adoptou, entre outros, o seguinte acordo 21/718 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE DOCE PRAZAS DE BOMBEIROS/AS CONDUTORES/AS PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. DO CONCELLO DE LUGO EN QUENDA LIBRE (SEIS PRAZAS INCLUÍDAS NA OPE 2015 E SEIS PRAZAS INCLUÍDAS NA OPE 2016)

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de oposición, para o acceso en propiedade a doce prazas de Bombeiro/a Condutor/a, pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (seis incluída na Oferta de Emprego Público 2015 e seis incluídas na Oferta de Emprego Público 2016), que se rexerá, tanto polas bases específicas aprobadas por acordo nº 21/718 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 22.11.2017 como polas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS VACANTES PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE", aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano nas sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014 e 22.03.2017, e publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 099, do 2 de maio de 2017, que seguidamente se transcriben:

"BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE DOCE PRAZAS DE BOMBEIRAS/OS CONDUTORAS/ES PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. DO CONCELLO DE LUGO EN QUENDA LIBRE (SEIS PRAZAS INCLUÍDAS NA OPE 2015 E SEIS PRAZAS INCLUÍDAS NA OPE 2016)

1.- OBXECTO

Esta convocatoria ten por obxecto a provisión, polo sistema de OPOSICIÓN, de doce prazas de Bombeiras/os Condutoras/es do Servizo de Extinción de Incendios do Concello de Lugo (seis prazas incluídas na OPE 2015 e seis prazas incluídas na OPE 2016), categoría Bombeiro/a Condutor/a, clasificadas no grupo C, subgrupo C2.

Outras características:

Escala: Administración especial.

Subescala: servizos especiais.

Clase: servizos de extinción de incendios.

2.- SISTEMA SELECTIVO

O sistema de selección de aspirantes será o de oposición, en quenda libre.

3.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO ÁS PRAZAS

Estar en posesión do título de graduado en ESO, graduado escolar ou dun título superior ou equivalente.

4.- OUTROS REQUISITOS E CONDICIÓNS ESPECÍFICAS

Ademais dos requisitos esixidos nas bases xerais para tomar parte nas probas selectivas a que se refiren estas bases específicas, as e os aspirantes deberán reunir os seguintes:

a) Estar en posesión do permiso de conducir da clase C.

b) Estar capacitada/o para exercer calquera oficio relacionado coas necesidades do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento.

c) Acreditar a aptitude física coa presentación dun certificado médico oficial que faga constar que a/o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que reflecta o certificado médico.

5.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo. Nela as e os aspirantes deben manifestar que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos no apartado anterior.

Os requisitos deberán reunirse con referencia ao derradeiro día do prazo da presentación de instancias, e será nulo o nomeamento como funcionaria/o daquelas/es aspirantes que estean incursas/os en causas de incapacidade recollidas na normativa vixente.

Ademais do anterior, ás solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación.

a) Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. As interesadas e interesados deberán unirlle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 13,00 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de “Taxas e prezos públicos” que se atopa a disposición das e dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web.

c) Fotocopia compulsada da titulación esixida.

d) Certificado médico ao que se refire o anterior parágrafo 4.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6.- PROCESO SELECTIVO

As probas selectivas que deberán superar as e os aspirantes son as seguintes:

A) PRIMEIRO EXERCICIO

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

EXERCICIO DE APTITUDE FÍSICA

De carácter obrigatorio e eliminatorio

Versará sobre a aptitude física das persoas aspirantes, e consistirá na realización das probas que a continuación se mencionan. Quen non supere unha proba non poderá pasar á seguinte, e quedará automaticamente eliminada/o:

A cualificación final das persoas aspirantes que superaron todas as probas do segundo exercicio farase sumando as puntuacións obtidas e dividirase entre todas as probas.

A) 1.- Proba de fondo

Proba que consistirá en percorrer a distancia de 1.000 metros. Para obter na proba unha puntuación de 5 puntos, deberase facer nun tempo inferior aos 3 minutos e 25 segundos para os homes, e inferior aos 3 minutos e 55 segundos para as mulleres, as persoas aspirantes que non acaden cinco puntos quedarán eliminadas.

A proba desenvolverase do seguinte xeito:

- Cronometraxe con chip para maior fiabilidade e obxectividade de cara ás persoas aspirantes.
- A proba realizarase nunha pista de atletismo de 400 m
- Existirá a posibilidade de poder correr con zapatillas de cravos de atletismo
- O procedemento de inicio da proba: orde de saída das e dos aspirantes corredores por apelido á hora de ocupar a súa rúa.
 - o Aos seus postos
 - o Listos
 - o Saída

Puntuación

Homes

Inferior a 3´25” e igual ou superior a 3´20”, 5 puntos.

Inferior a 3´20” e igual ou superior a 3´15”, 6 puntos.

Inferior a 3´15” e igual ou superior a 3´10”, 7 puntos.

Inferior a 3´10” e igual ou superior a 3´05”, 8 puntos

Inferior a 3´05” e igual ou superior a 3´00”, 9 puntos.

Inferior a 3´00”, 10 puntos.

Mulleres

Inferior a 3´55" e igual ou superior a 3´50", 5 puntos.

Inferior a 3´50" e igual ou superior a 3´45", 6 puntos.

Inferior a 3´45" e igual ou superior a 3´40", 7 puntos.

Inferior a 3´40" e igual ou superior a 3´35", 8 puntos

Inferior a 3´35" e igual ou superior a 3´30", 9 puntos.

Inferior a 3´30", 10 puntos.

A)2.- Ascenso por corda

Consistirá en subir unha corda de 6 metros sen soltarse, sen axudarse coas pernas nin dar impulsos ao comezo da proba. Este exercicio realizarase partindo da posición de sentada/o, para obter na proba unha puntuación de 5 puntos, os homes deberana facer nun tempo inferior aos 20 segundos, e as mulleres nun tempo inferior aos 25 segundos; as persoas aspirantes que non acaden cinco puntos quedarán eliminadas.

A proba desenvolverase do seguinte xeito:

Posición inicial:

1. A persoa aspirante sentarase no chan coas pernas abertas e a corda entre elas.

2. A corda agarrada polas dúas mans

a. Listos

b. Xa!!

3. A proba finalizará unha vez que a persoa aspirante toque a marca situada por encima dos 6 m

Puntuación

Homes

Inferior a 20" e igual ou superior a 18", 5 puntos.

Inferior a 18" e igual ou superior a 16", 6 puntos.

Inferior a 16" e igual ou superior a 14", 7 puntos.

Inferior a 14" e igual ou superior a 12", 8 puntos

Inferior a 12" e igual ou superior a 10", 9 puntos.

Inferior a 10", 10 puntos.

Mulleres

Inferior a 25" e igual ou superior a 23", 5 puntos.

Inferior a 23" e igual ou superior a 21", 6 puntos.

Inferior a 21" e igual ou superior a 19", 7 puntos.

Inferior a 19" e igual ou superior a 17", 8 puntos

Inferior a 17" e igual ou superior a 15", 9 puntos.

Inferior a 15", 10 puntos.

A)3.- Proba socorrismo: 100 METROS proba combinada

Consistirá nunha proba combinada de socorrismo e natación de 100 metros nunha piscina de 25 metros de lonxitude, proba eliminatoria.

Desenvolverase da seguinte maneira, primeiro realizaranse a nado libre 50 metros (ida e volta do vaso), unha vez chegados ao lugar do inicio, as e os aspirantes mergullaranse ata o lugar onde se sitúe o boneco, na parte profunda do vaso e a 15 metros da parede de inicio, una vez recuperado o boneco arrástrase ata o final da parede oposta ao inicio, tocarase esta coa man e seguirase o remolque ata a parede contraria, a do inicio da proba, apoiándose cun dos brazos na parte superior do bordo da piscina sen soltar o boneco para que a proba se considere rematada. Seguirase o regulamento da federación de socorrismo.

Para obter na proba unha puntuación de 5 puntos, deberase facer nun tempo inferior aos 2 minutos e 50 segundos os homes, e de 3 minutos e 20 segundos as mulleres.

As persoas aspirantes que non acaden cinco puntos quedarán eliminadas.

SAÍDA: saltarase desde fóra do vaso á auga.

Entrada de pé na auga sen afundir a cabeza

NADO: una vez dentro da auga, realizarase a nado libre unha distancia de 50 metros.

MERGULLO: dende a parede de inicio, as persoas aspirantes somerxeranse ata chegar á vítima que estará a 15 metros

ARRASTRE: arrastraremos a vítima utilizando as técnicas correctas durante 35 metros.

A recollida do boneco poderase facer con impulso desde o fondo do vaso

Durante o remolque, a cara do boneco remolcado permanecerá en todo momento fóra da auga.

Puntuación

Homes

Inferior a 2´50" e igual ou superior a 2´40", 5 puntos.

Inferior a 2´40" e igual ou superior a 2´30", 6 puntos.

Inferior a 2´30" e igual ou superior a 2´20", 7 puntos.

Inferior a 2´20" e igual ou superior a 2´10", 8 puntos.

Inferior a 2´10" e igual ou superior a 2´00", 9 puntos.

Inferior a 2´00" 10 puntos.

Mulleres

Inferior a 3´20" e igual ou superior a 3´10", 5 puntos.

Inferior a 3´10" e igual ou superior a 3´00", 6 puntos.

Inferior a 3´00" e igual ou superior a 2´50", 7 puntos.

Inferior a 2´50" e igual ou superior a 2´40", 8 puntos.

Inferior a 2´40" e igual ou superior a 2´30", 9 puntos.

Inferior a 2´30" 10 puntos.

A) 4.- Proba de potencia do tren inferior

Consistirá nun salto de lonxitude cara a diante, a pés xuntos e sen carreira. Para obter na proba unha puntuación de 5 puntos, deberase superar a lonxitude mínima de 2,00 metros para os homes e de 1,70 metros para as mulleres. Tomarase como medida desde a liña de inicio ata o sinal máis atrasado do salto. Poderanse efectuar dous intentos como máximo, e puntuará aquel no que se obteña o mellor resultado.

Posición inicial: a persoa aspirante colocarse de pé tras a liña de salto e fronte á dirección do impulso, tronco e pernas estendidos e pés xuntos ou separados.

Puntuación

Homes

Salto de 2,00 metros a 2,10 metros, 5 puntos

Salto superior a 2,10 metros ata 2,20 metros, 6 puntos

Salto superior a 2,20 metros ata 2,30 metros, 7 puntos

Salto superior a 2,30 metros ata 2,40 metros, 8 puntos

Salto superior a 2,40 metros ata 2,50 metros, 9 puntos

Salto superior a 2,50 metros, 10 puntos

Mulleres

Salto de 1,70 metros a 1,80 metros, 5 puntos

Salto superior a 1,80 metros ata 1,90 metros, 6 puntos

Salto superior a 1,90 metros ata 2,00 metros, 7 puntos

Salto superior a 2,00 metros ata 2,10 metros, 8 puntos

Salto superior a 2,10 metros ata 2,20 metros, 9 puntos

Salto superior a 2,20 metros, 10 puntos

A)5.- Proba de forza-resistencia do tren superior (escada de madeira, en posición horizontal, de 4 metros de longo, 40 cm de ancho, de 20 chanzos separados 20 cm entre eles, e suspendida a 2,60 m do chan)

A proba consiste en comezar por un dos extremos da escaleira coa realización de 5 dominadas, despois das cales se seguirá pasando a escaleira facendo agarre en todos os chanzos ata o extremo oposto, onde se realizarán outras 5 dominadas.

En todo o percorrido da proba non se poderá descender en ningún momento da escaleira.

As dominadas faranse dende una postura inicial de extensión completa de cóbados ata unha final na que se superará co queixelo o nivel dos chanzos, e non se permitirá o balanceo na realización das dominadas.

A proba terá consideración de apto ou non apto, e para que a realización da proba se considere apta a persoa aspirante deberá realizala nun tempo inferior a 2 minutos os homes, e 2 minutos e 30 segundos as mulleres.

B) SEGUNDO EXERCICIO

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

As persoas aspirantes deberán realizar todas as probas, e será puntuada cada unha delas entre 0 e 10 puntos. A cualificación final das e dos aspirantes que realizaron o cuarto exercicio farase sumando as puntuacións obtidas e dividíndoas entre todas as probas. As persoas aspirantes que non superaran a mínima puntuación, que será de cinco, quedarán eliminadas.

B)1- Tendido de mangueras

Nun tempo máximo de 1 minuto e 20 segundos. Empregando para o tendido unha manguera de 70 mm de diámetro, unha bifurcación (dunha boca de 70 mm Ø a dúas de 45 mm Ø), dúas mangueras de 45 mm de diámetro e dúas lanzas.

Puntuación

Igual ou superior a 1´20", cero puntos.

Inferior a 1´20" e igual ou superior a 1´15", un punto.

Inferior a 1´15" e igual ou superior a 1´10", dos puntos.

Inferior a 1´10" e igual ou superior a 1´07", tres puntos.

Inferior a 1´07" e igual ou superior a 1´04", catro puntos

Inferior a 1´04" e igual ou superior a 1´01", cinco puntos.

Inferior a 1´01" e igual ou superior a 59", seis puntos.

Inferior a 59" e igual ou superior a 56", sete puntos.

Inferior a 56" e igual ou superior a 53", oito puntos.

Inferior a 53" e igual ou superior a 50", nove puntos

Inferior a 50", dez puntos.

B)2.- Proba de orientación e adaptación a espazos confinados.

Consistirá en percorrer un circuíto, que poderá ser de distintos niveis, delimitado por comportas metálicas, dentro de un espazo confinado. As persoas aspirantes irán provistas de roupa e calzado deportivo; farase o percorrido en condicións de escuridade, ben cegando a máscara ou en espazo sen luz. Para a realización da dita proba as e os opositores terán acceso visual ao circuíto antes da súa realización.

Avaliarase por parte do xurado o tempo de realización da proba, a perda de orientación, clasificando cun cero no caso de non rematar o circuíto (medo irracional e irreprimible aos espazos confinados, claustrofobia, etc.).

B)3.- Proba suposto teórico-práctico

Consistirá na resolución dun suposto teórico-práctico determinado polo tribunal, no tempo máximo de dúas horas, en relación coas actividades propias do posto de Bombeiro/a Conductor/a do servizo municipal.

C) TERCEIRO EXERCICIO

Proba de coñecemento teórico

Obrigatoria e eliminatoria.

Consistirá en contestar por escrito, durante un tempo máximo de dúas horas, un tema elixido ao chou dos incluídos no temario de materias comúns, e dous temas extraídos ao chou dos incluídos no temario de materias específicas (ANEXO II)

O temario de materias comúns intégrano 4 temas e figura na base décimo sexta das bases xerais xa citadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ao cadro de funcionarias/os e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda libre.

D) CUARTO EJERCICIO

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

